

Información



Feira do Cooperativismo en Ourense

Aínda non te inscribiches para participar na Feira do Cooperativismo? Ata o próximo 9 de setembro poderás presentar a túa candidatura. Non perdas a oportunidade de amosar os produtos e/ou servizos da túa entidade de economía social ao público asistente.

[Ver máis](#)

Entrevistamos a Rosa Gutiérrez de Galega de Economía Social

“O noso gran logro foi manter os empregos para as máis de 600 persoas con discapacidade que traballan nas empresas do grupo”.

Dende a súa entidade de economía social están abertos á colaboración entre organizacións, de maneira que se traballe por e para as persoas, así como a seguir dando máis visibilidade á economía social.

[Ver máis](#)

Actividades



As cooperativas nos servizos sociais en Portomarín

Tes interese en coñecer como se crea unha cooperativa nos servizos sociais? Nesta actividade formativa poderás percorrer de xeito teórico-práctico todos os pasos que debes seguir e os recursos dispoñibles, así como as súas diferenzas con respecto a outras fórmulas empresariais.

Datas: do 23/08/2019 ao 29/08/2019

Horario: 10:00 - 13:00 h

Duración: 15 h

Lugar: rúa do Miño s/n Portomarín (Lugo)

Inscripcións: 982545070 (ext. 6) / 606306254
mancomunidade.frances@gmail.com

[Ver máis](#)



Últimas prazas para inscribirse no curso Impulsa o teu negocio co marketing dixital

Actualízate e aprende novos métodos de marketing e comunicación para poñer en práctica na túa entidade de economía social.

Datas: do 27/08/2019 ao 17/09/2019

Modalidade: en liña

Duración: 20 h

Inscripcións: [formulario](#) / 981558008 / eusumo.emprego@xunta.gal

[Ver máis](#)

Cooperativas de ensino. Unha alternativa de emprego

Desexas traballar no eido da educación? Neste obradoiro descubrirás como facelo a través dunha cooperativa de ensino. Nel incidirase nos valores e os principios que rexen o movemento cooperativo, os recursos dispoñibles para emprender o proxecto, a situación actual do sector en Galicia e as experiencias consolidadas que serven como impulso para a súa creación.

Datas: 4, 5, 6 e 17/09/2019

Horario: 09:30 - 14:30 h

Duración: 20 h

Lugar: Colexio Santo Tomás do Porriño, S.Coop. Galega, A Florida –Torreiros (O Porriño)

Inscripcións: 881887456 / patane@espazo.coop

[Ver máis](#)

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal

